



CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

ACTA 2024-5

PRIMEIRA CONVOCATORIA

PLENO EXTRAORDINARIO

18 de Xullo de 2024

Lugar

SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO

Hora de Inicio

10:03

Hora de Finalización

10:17

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA
Interventor: .

MEMBROS ASISTENTES

EMILIO FERNANDEZ PARADA
JOSE RAMON LOPEZ PEREZ
LUCIA GIL CID
MARIA CARMEN MANSO RODRIGUEZ
MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

MEMBROS AUSENTES

DANIEL DE DIOS MANSO

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

ACORDOS:

1º. APROBACION, SE PROCEDE DA ACTA DA SESION DO 06.06.2024 (ACTA 5/2024)

Fai uso da palabra o Sr. Secretario para advertir que no punto quinto da acta, sobre o expediente de modificación de créditos con cargo ao remanente, o suplemente de crédito por importe de 2.408,86 €, consta "Inversión en camiños (S. Antón e pistas da Costa e A Lamela)", cando en realidade era "Adquisición de mobiliario oficinas do concello" tal e como se explicou e se publicou debidamente.

Explica que o erro foi debido a copiar e pegar a plantilla do anterior expediente que se aprobara no pleno, onde efectivamente un dos suplementos de crédito era o que por erro consta na acta que se vai aprobar agora.

Feita esta salvedade, a acta apróbbase por unanimidade dos presentes asistentes á devandita sesión.

2º. FESTIVOS LOCAIS 2025.

Logo de ver o oficio remitido pola Dirección Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración de Ourense, na que se determinan os festivos de carácter autonómico, así como as festas de ámbito estatal para o vindeiro ano **2025**, e como queira que no mesmo recóllese





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

que cada concello debe de realizar a proposta das festas locais á xefatura territorial antes do vindeiro 1 de setembro de 2024.

Polo Sr. Alcalde pásase a dar conta da proposta de fixación dos dous festivos para o ano **2025**, concretamente, o día **17 de xaneiro**, San Antón; e o día **5 de marzo**, Mércores de Cinsa.

Aberto un turno de intervencións, producíronse as seguintes:

Da Sra. Manso Rodríguez (**PP**) que dí que poderíase poñer o 16 de xullo, día do Carme en vez do 17 de xaneiro, día do San Antón; un pouco pola xente que traballa en empresas en Castrelo; aínda que tampoco é que se opoñan a proposta de que se fagan coincidir os festivos cós do concello de Verín.

O Sr. Alcalde respostoulle que xa se puxo o 16 de xullo como festivo un par de veces e non funcionou moi alá.

Sometida a proposta a votación, o Pleno, por **catro** votos a favor (PSdeG-PSOE), ningún en contra e **dúas** abstencións (PP) dos seis membros presentes dos sete que legalmente o forman, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Fixar como festivos locais no Concello de Castrelo do Val para o ano **2025** os días:

- 17 de xaneiro, San Antón.
- 5 de marzo, Mércores de Cinsa.

SEGUNDO. Comunicar o presente acordo á Dirección Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración de Ourense.

3º. EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CREDITOS 16/2024, CON CARGO AO REMANENTE LIQUIDO DE TESOURERIA.

Dáse lectura ao expediente núm. **16/2024**, tramitado para a modificación de créditos dentro do vixente orzamento, financiado có remanente líquido de tesourería dispoñible procedente da liquidación do orzamento do exercicio **2023**.

O Sr. alcalde fai unha explicación das diferentes necesidades a satisfacer có expediente.

Dáse conta de que o expediente tramítase por razóns de necesidade plenamente xustificada, e está axustado aos preceptos legais vixentes.

Non se producen intervencións.

Tralo que, ao ter en conta a Memoria da Alcaldía xustificativa da necesidade de aprobación do expediente de modificación de créditos número **16/2024**, de suplementos de crédito con cargo





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

ao remanente líquido de tesourería e por transferencias e polos motivos nela sinalados; o Pleno, por **catro** votos a favor (**PSdeG-PSOE**); ningún en contra e **dúas** abstencións (**PP**),
ACORDA:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos **16/2024** a través de suplemento de créditos **con cargo ao remanente líquido de Tesourería**, nos seguintes termos:

SUPLEMENTO DE CREDITO:

APLICACIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
160.609.01	Mellora rede de pluviais en Castrelo do Val	9.817,51
160.640	Auditoría rede de saneamento	3.611,37
161.609.01	Reducción perdas de auga na rede de abastecemento	2.588,61
920.640.01	Resto estudo camiños locais Plan Marco	2.520,00
1532.619.07	Doble rega asfáltica en Fontefría	8.391,98
TOTAL SUPLEMENTOS DE CRÉDITO		26.929,47

PARTIDA DE INGRESOS FINANCIADORA:

APLICACIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
87001	Remanente de Tesourería para gastos xerais	26.929,47
TOTAL		26.929,47

SEGUNDO. Aprobar o expediente de modificación de créditos **16/2024** a través de suplemento de créditos por transferencias **mediante baixas ou anulacións de partidas do vixente orzamento**, nos seguintes termos:

(ALTAS) SUPLEMENTO DE CRÉDITOS MEDIANTE TRANSFERENCIAS:

APLICACIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
326.16000	Retribucións persoal Programa de conciliación	10.000,00
TOTAL ALTAS		10.000,00

(BAIXAS) PARTIDAS DE GASTOS A MINORAR:

APLICACIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
326.22799	Actividades extraescolares	10.000,00
TOTAL BAIXAS		10.000,00

RESUMO DO EXPEDIENTE 16/2024

Modificación de créditos con cargo ao REMANENTE	26.929,47
Suplementos de crédito mediante TRANSFERENCIAS	10.000,00
TOTAL	36.929,47

TERCEIRO. Expor ao público este expediente de modificación de créditos **16/2024** durante o prazo dos seguintes quince días hábiles desde a publicación do correspondente edicto no **Boletín Oficial da Provincia**, a fin de que, polos interesados a que se refire o artigo 151.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, se presenten as alegacións e as reclamacións que consideren pertinentes, só polos motivos que se establecen no apartado segundo do devandito artigo.





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Así mesmo, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen as reclamacións contra a aprobación inicial do referido expediente, dita aprobación será definitiva sen necesidade de adoptar novo acordo do Pleno que así o declare e, de seguido, exporase ao público o resultado final da modificación de créditos efectuada e remitirase copia da resolución á administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina connigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

